

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 28 DE XANEIRO DO 2021.****Sesión 01/2021-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de xaneiro do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnense por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados (non asiste D. Breogán Blanco González (AV), por baixa), membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 14 e 16/2020).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 14/2020, do 26/11/2020 e 16/2020, do 29/12/2020.

A sra. Pardo Fafián di que no borrador da acta 16/2020, no custe do proxecto dos xardíns do paseo marítimo foi de 225.000 euros e non de 625.000 euros.

Non habendo máis intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos asistentes as actas das sesións núms. 14/2020, do 26/11/2020 e 16/2020, do 29/12/2020, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o



disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- REGULAMENTO DE USO DO CENTRO DE LECER XUVENIL DA OMIX.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 01/2021, do 25 de xaneiro, que recolle:

<<Regulamento de uso do Centro de Lecer Xuvenil da OMIX

- 1º.- *Aprobar inicialmente o Regulamento de uso do Centro de Lecer da Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Sada.*
- 2º.- *Expoñer ao público o dito Regulamento mediante anuncios a publicar no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, o Regulamento entenderase aprobado definitivamente>>.*

Debátase o asunto coa intervención da sra. Mouriño Neira (SM); da sra. Pardo Fafián (PSOE), que propón deixalo sobre a Mesa; e da sra. García Freire (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de uso do Centro de Lecer da Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Sada.

Segundo.- Expoñer ao público o dito Regulamento mediante anuncios a publicar no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, o Regulamento entenderase aprobado definitivamente.

3º.- ACEPTACIÓN DE TRES PARCELAS HERDADAS DE Dª JOSEFA BELLO PARDO.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 01/2021, do 25 de xaneiro, que recolle:

<<Aceptación da cesión de tres parcelas.

1º.- *Aprobar inicialmente a cesión realizada mediante escrito do 06/09/2019 por D. Juan José Múñiz Bello, tras o falecemento da súa nai, Dª Josefa Bello Pardo, de tres parcelas ao Concello de Sada para a súa incorporación ao Inventario Xeral de Bens e Dereitos municipais:*

- "Monte Novo" en "Fontes de Taibo" na parroquia de Carnoedo, parcela de referencia catastral 15076A002011090000ET.
- Monte "As Zancas" ou "Tres Candís" na parroquia de Veigue, parcela de referencia catastral 150746A002011160000EK.
- O 50% do terreo a labradío denominado "Ramalleira de abaixo", na parroquia de Carnoedo, parcela de referencia catastral 15076A00900243EI.

2º.- *Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente na Secretaría deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.*

3º.- *Notificar de forma individualizada aos titulares catastrais colindantes, co fin de que no prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á recepción da notificación, poidan presentar, de ser o caso, cantas alegacións e probas estimen oportunas.*

4º.- *Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro>>.*

Debátase o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Pardo Fafián (PSOE), e da sra. García Freire (PP),



quen solicita que este asunto quede sobre a Mesa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a cesión realizada mediante escrito do 06/09/2019 por D. Juan José Múñiz Bello, tras o falecemento da súa nai, D^a Josefa Bello Pardo, de tres parcelas ao Concello de Sada para a súa incorporación ao Inventario Xeral de Bens e Dereitos municipais:

- “Monte Novo” en “Fontes de Taibo” na parroquia de Carnoedo, parcela de referencia catastral 15076A002011090000ET.
- Monte “As Zancas” ou “Tres Candís” na parroquia de Veigue, parcela de referencia catastral 150746A002011160000EK.
- O 50% do terreo a labradío denominado “Ramalleira de abajo”, na parroquia de Carnoedo, parcela de referencia catastral 15076A00900243EI.

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente na Secretaría deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

Terceiro.- Notificar de forma individualizada aos titulares catastrais estremeiros, co fin de que no prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á recepción da notificación, poidan presentar, de ser o caso, cantas alegacións e probas estimen oportunas.

Cuarto.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro.

4º.- CESIÓN DA LANCHA PATEXEIRA “BALBINA”.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 01/2021, do 25 de xaneiro, que recolle:

<<Cesión da lancha patexeira “Balbina”.

1º.- Aprobar inicialmente a cesión por parte da Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros ao Concello de Sada da embarcación denominada Balbina, con Matrícula 6º-CO-1-4-10, cunha eslora de 11,50 m, manga de 3,15 m, puntal de 0,98 m e arque de 9,90 m, ao Inventario Xeral de Bens e Dereitos municipais.

2º.- Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente na Secretaría deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

3º.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións no Rexistro Marítimo>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Mondaca González (SM); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Tellado Villares (PP), quen solicita que este asunto quede sobre a Mesa; e do sr. Alcalde.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).



- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a cesión por parte da Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros ao Concello de Sada da embarcación denominada Balbina, con Matrícula 6ª-CO-1-4-10, cunha eslora de 11,50 m, manga de 3,15 m, puntal de 0,98 m e arqueo de 9,90 m, ao Inventario Xeral de Bens e Dereitos municipais.

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente na Secretaría deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

Terceiro.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións no Rexistro Marítimo.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditas dende o 21 de decembro (núm. 2.793) ata o 22 de xaneiro do 2021 (núm. 152).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de decembro (núm. 2.793, do expediente 2020/G003/002934) ata o 22 de xaneiro do 2021 (núm. 152, do expediente 2021/G003/000139), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

1ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Partido Popular para cumprir polo Concello de Sada coas condicións da declaración de BIC da Terraza.

O sr. Alcalde di que hai unha moción do PP sobre o prezo da luz.

A sra. Salorio Porrál dá comezo á xustificación da moción.

O sr. Secretario Accidental interrompe sinalando que a primeira moción presentada por Rexistro Xeral é a da Terraza.

O sr. García Cotelo (PP) xustifica a urxencia da moción sobre a Terraza.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. García Cotelo (PP) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN PARA CUMPLIR POR EL AYUNTAMIENTO DE SADA CON LAS CONDICIONES DE LA DECLARACIÓN DE BIEN DE INTERÉS CULTURAL DE LA TERRAZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El Decreto 16/2020, de 30 de enero, declaró bien de interés cultural la Terraza de Sada, con la categoría de Monumento y con un nivel de protección integral, requiriendo en la disposición final segunda que “La entrada en vigor de este decreto obliga al Ayuntamiento de Sada a incorporarlo a su planeamiento urbanístico general y añadir las determinaciones específicas para su protección y conservación”.

Por otro lado, según el Anexo I apartado 5 del citado decreto, el bien requiere la elaboración de un proyecto o plan integral de conservación.



Cita que el uso original y actual es el de hostelería, y otros usos complementarios como el ocio y la cultura. Creyendo el decreto apropiado la continuidad de estos usos. Siendo factible y beneficioso, dentro del citado plan integral de conservación, la posibilidad de incorporar otros usos que contribuyan a su reconocimiento, tal como lo solicito el Ayuntamiento de Sada en 1982.

El plan integral de conservación requerido, deberá contener un análisis y valoración de los siguientes aspectos:

Descripción de la historia del monumento, de su formalización arquitectónica y de su influencia en la vida local y cultural.

La valoración concreta de elementos originales y añadidos, así como los que puedan perturbar su valor cultural.

El estado de conservación y los criterios para su conservación preventiva.

Las necesidades de intervención y los criterios para la elección de materiales, sistemas constructivos, instalaciones y acabados.

La localización y la ordenación de su entorno.

El tráfico y las medidas para reducir su impacto sobre el bien y para su apreciación.

Los usos y su compatibilidad con su protección y conservación y las necesidades derivadas de sus concretas condiciones funcionales y normativas.

Los criterios generales para su interpretación y difusión de sus valores.

Considerando que ya pasó un año desde la aprobación de este Decreto 16/2020, y que el Ayuntamiento no tiene iniciado ninguna de las dos exigencias citadas por la declaración de BIC: modificación del PXOM y elaboración del plan integral de conservación, el Grupo Municipal del Partido Popular de Sada, propone al Pleno para su debate, y aprobación el siguiente

ACUERDO

1º Que se acometa la modificación puntual del PXOM para incorporar la declaración de BIC de La Terraza, y añadir las determinaciones específicas para su protección y conservación, como indica la disposición final segunda del Decreto 16/2020, de 30 de enero.

2º Que se acometa la elaboración del Plan Integral de Conservación de La Terraza, ajustado al contenido de los anexos del Decreto 16/2020, de 30 de enero>>.

Dá comezo o debate, coa presentación dunha emenda polo Goberno Municipal, que é a seguinte:

“1.- Demandar da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar e Demarcación de Costas de Galicia a resolución expresa de non prórroga e, por tanto, extinción da concesión da Terraza, así como a incoación da desafectación da mesma do dominio público marítimo-terrestre, e a súa posterior cesión ao Concello, todo elo de conformidade coas previsións legais ao respecto e tamén en concordancia cos obxectivos e instrumentos de protección contidos no Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, polo que se declara ben de interese cultural a Terraza de Sada.

2.- Dar traslado do seguinte acordo á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas de Galicia, así como aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais do Estado.

3.- Facultar á alcaldía-presidencia á execución do presente acordo”.

A sra. Pardo Fafián (PSOE), quen igualmente ten unha emenda a engadir:

“3.- Que se acometa a modificación puntual do PXOM, ampliando a delimitación actual do PEID, incluíndo o ámbito correspondente ao SXEL 06-12, ao SXE de 06-11, e o treito da rúa da Praia composto polo sistema local viario e SXEL 06-13, dotando á esta franxa do litoral do núcleo dun tratamento homoxéneo no que se refire tanto a súa fachada edificada como as diferentes dotacións situadas entre o núcleo e a ribeira do mar”.

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE), do sr. García Cotelo (PP) e do sr. Alcalde.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 2 (2 PSOE).
- Votos en contra: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, procédese á votación da emenda do Goberno Municipal, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.



Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Demandar da Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar e Demarcación de Costas de Galicia a resolución expresa de non prórroga e, por tanto, extinción da concesión da Terraza, así como a incoación da desafectación da mesma do dominio público marítimo-terrestre, e a súa posterior cesión ao Concello, todo elo de conformidade coas previsións legais ao respecto e tamén en concordancia cos obxectivos e instrumentos de protección contidos no Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, polo que se declara ben de interese cultural a Terraza de Sada.

Segundo.- Dar traslado do seguinte acordo á Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas de Galicia, así como aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais do Estado.

Terceiro.- Facultar á alcaldía-presidencia á execución do presente acordo.

2ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Partido Popular para instar ao Goberno de España a poñer en marcha determinadas medidas para rebaixar o prezo da luz.

A sra. Salorio Porral (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Salorio Porral (PP) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL/PROVINCIAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE SADA PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A PONER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ .

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, eleva al Pleno la siguiente Propuesta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante la ola de nieve y frío más extrema que ha atravesado nuestro país en décadas el precio de la electricidad en España ha marcado máximos históricos por dos ocasiones, los días 8 (94,99 €/MWh de media con un máximo de 114,89 €/MWh a las 20:00 h) y 13 (84,99 €/MWh de media con un máximo de 112,84 €/MWh entre las 21:00 y 22:00 h) de enero de 2021.

Ante esta subida histórica de los precios algunas fuerzas políticas se han lanzado a criticar a las empresas y al mercado y a proponer un mayor intervencionismo del gobierno en el sector eléctrico, planteando incluso la nacionalización de empresas, pasando por alto, de manera interesada, dos datos de gran importancia:

1. ***en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de de la electricidad y del mercado.***
El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).
2. ***según datos proporcionados por Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea (sólo por detrás de Dinamarca, Alemania, Bélgica) y nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA aplica a este producto.***

Y obviando, además, que en los países europeos en los que la principal empresa eléctrica es pública la factura del consumidor final se ha incrementado también en la ola de frío entre un 30% y un 50% o que Barcelona Eléctrica (la empresa pública de electricidad creada por el Ayuntamiento de Barcelona dirigido por Barcelona en Comú) vende la luz más cara que el resto de empresas privadas y disfrazando de buenas intenciones una propuesta que no da una respuesta eficaz a este problema y solo puede definirse como populista y demagógica.

Por otro lado, hay que indicar que el Gobierno de España para justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles, de manera falsaria:

1. ***afirma que gracias a su acción política el recibo de la luz bajo en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.***
2. ***y se vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en la tarifas que afectan a los consumidores***



Ante esta negativa, debemos recordar:

- 1- la reforma del sector eléctrico realizada por el gobierno del Partido Popular en el año 2013 que evitó un aumento del precio de la electricidad del 42%
- 2- y la Proposición de Ley presentada por el Grupo Parlamentario Popular en 2018 en el Congreso de los Diputados que proponía bajar del 7% al 0% el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica.

Tras constatar la nula sensibilidad social, la inacción y las mentiras del gobierno de España, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

- 1- rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recoge en la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir este asunto.
- 2- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el pasado 19 de enero>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Rodríguez Pena (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), do sr. Fariña Andrade (SM) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencions: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Instar ao Goberno de España a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

Primeiro.- Rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Producción da Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para os efectos o artigo 8 da Lei 15/2012, de medidas fiscais para a sostibilidade enerxética, tal e como se recolle na Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o 18 de setembro do 2018 e que ten caducado debido á falta de vontade do goberno de España por debater este asunto.

Segundo.- Modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, para, entre outros aspectos, que determinados custes regulatorios que se trasladan á factura eléctrica como a débeda do sistema eléctrico sexan financiados íntegramente con cargo aos Presupostos Xerais do Estado tal e como propón a Proposición de Lei presentada polo Partido Popular o pasado 19 de xaneiro.

3ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a eliminación de restos do franquismo en Sada.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencions: Non se produciron.

O sr. Alcalde sinala que hai unha pequena emenda sobre o nome da rúa, en vez de “iniciar un proceso participativo para propoñer un novo nome a esa avenida”, debendo ser o nome anterior que tiña esa rúa: rúa do



Pedregal.

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez (BNG) dá lectura á moción:

<<**MOCIÓN SOBRE ELIMINACIÓN DE RESTOS DO FRANQUISMO EN SADA**
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sentenza sobre a devolución do Pazo de Meirás ao patrimonio público, que se concretou na entrega das chaves o pasado 10 de decembro, é un trunfo colectivo, como recollía a Declaración Institucional da Corporación Municipal de Sada no Pleno de novembro de 2020.

A recuperación do pazo de Meirás é un feito histórico e obriga a seguir traballando para acabar cos restos do franquismo en Sada. Non se poden manter distincións e recoñecemento social a aquelas persoas que, como Pedro Barrié de la Maza, foron os promotores e organizadores do espolio de Meirás. Barrié aínda leva o nome dunha avenida de Sada, dun colexio (inaugurado na ditadura, o 4 de setembro de 1972), e mantén a distinción de Fillo Adoptivo de Sada. Tamén o militar golpista Ángel Campano López é Fillo Adoptivo desde 1967.

Pedro Barrié foi un significado franquista que apoiou incondicionalmente o exército sublevado contra o goberno democrático da República e, segundo recollían os medios de comunicación, entregou máis de 500.000 pesetas para diversas campañas de apoio aos sublevados. A estreita relación e amizade persoal con Franco permitiulle beneficiarse de todo tipo de favores e distincións. Foi procurador nas Cortes franquistas durante oito lexislaturas (1946-1971) e no 1955 recibiu o título de Conde de Fuerzas Eléctricas del Noroeste S.A. (FENOSA).

Barrié era propietario da Fábrica de Gas y Electricidad e mercou a prezo de saldo Electra Popular Coruñesa de José Miñones, avogado e deputado republicano fusilado polos fascistas e así nace FENOSA no ano 1943. As persoas con militancia fascista ou próxima ao poder franquista tiveron todo tipo de facilidades para enriquecerse despois do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Un dos métodos utilizados foi a ocupación de espazo público para negocios privados. Coa colaboración de significados fascistas conseguiron autorización para ocupar unha parcela para construír o complexo de La Solana con piscina, ximnasio e locais anexos na praia do Parrote da Coruña en 1941 e, posteriormente, o hotel Finisterre. Barrié participaba como empresario nesas operacións.

Existe constancia documental da represión das traballadoras e traballadores do Banco após o trunfo da sublevación militar de 1936. Nos escritos que Pedro Barrié envía ás autoridades da ditadura reconece a súa participación na depuración dos traballadores e maniféstase como servidor do franquismo. Como exemplo, o 20 de outubro de 1937 dirixía un escrito ao Gobernador Civil da Coruña no que manifestaba: “Tenemos el honor de comunicar a V.E. que, con fecha de hoy y como continuación a la labor depuradora que esta entidad realiza entre su personal, en cumplimiento de lo dispuesto en la Orden de la Junta Técnica del Estado de 17 de agosto próximo pasado, esta Dirección acordó instruir expediente a los siguientes empleados [...] Quedamos de V.E. con toda consideración, atentos servidores”.

Na medida que se vai coñecendo esta biografía secuestrada, os concellos van tomando resolucións. O pleno da Coruña celebrado o 1 de outubro do pasado ano, aprobou unha moción que dicía: “Significados franquistas que promoveron e participaron activamente nos espolios do pazo de Meirás e da Casa Cornide –Alfonso Molina Brandao, Pedro Barrié de la Maza e Sergio Peñamaría de Llano– aínda conservan na Coruña rúas, retratos en edificios públicos, placas e todo tipo de distincións, que non pode admitir unha sociedade democrática”. E acordaba o Pleno “trasladar á Comisión Municipal de Memoria Democrática que inclúa dentro do grupo de traballo para a eliminación da simboloxía franquista o estudo da retirada de rúas, retratos, placas, monólitos e todo tipo de distincións ás persoas que impulsaron, organizaron ou participaron no espolio do pazo de Meirás e da Casa Cornide para beneficio da familia do ditador Franco”

Por outra parte, o concello de Ares cambiou en abril de 2016 o nome do Colexio Conde de Fenosa, inaugurado tamén na ditadura, en 1973.

Por todos este motivos, o goberno municipal somete a consideración do Pleno os seguintes

Acordos

- 1.- Instar ao alcalde a iniciar o expediente para retirar o nome Pedro Barrié de la Maza da avenida que leva o seu nome, así como iniciar un proceso participativo para propoñer un novo nome a esa avenida.*
- 2.- Instar ao Alcalde a iniciar o expediente para retirar a distinción de Fillo Adoptivo a Pedro Barrié de la Maza.*
- 3.- Instar ao Alcalde a iniciar o expediente para a retirada da distinción de fillo adoptivo a Ángel Campano López.*
- 4.- Instar ao Alcalde a que comunique á comunidade educativa do **CEIP Pedro Barrié de la Maza** este acordo e tamén a opinión favorable do Pleno ao **cambio de nome** do centro para que sexa estudada polo consello escolar e, se o estima necesario, propoñer un nome alternativo, o que permitiría iniciar tamén un expediente de cambio de nome a ese centro escolar>>.*

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra. García Freire (PP) e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Instar ao alcalde a iniciar o expediente para retirar o nome Pedro Barrié de la Maza da avenida que leva o seu nome, así como iniciar un proceso para recuperar a toponimia tradicional (rúa do Pedregal).

Segundo.- Instar ao Alcalde a iniciar o expediente para retirar a distinción de Fillo Adoptivo a Pedro Barrié de la Maza.

Terceiro.- Instar ao Alcalde a iniciar o expediente para a retirada da distinción de fillo adoptivo a Ángel Campano López.

Cuarto.- Instar ao Alcalde a que comunique á comunidade educativa do CEIP Pedro Barrié de la Maza este acordo e tamén a opinión favorable do Pleno ao cambio de nome do centro para que sexa estudada polo consello escolar e, se o estima necesario, propoñer un nome alternativo, o que permitiría iniciar tamén un expediente de cambio de nome a ese centro escolar

4ª.- Moción que presenta o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego a favor da construción de sendas peonís e carrís bici no Concello de Sada.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez (BNG) dá lectura á moción:

<<O BNG PROPÓN QUE SE DESTINE NOS PRÓXIMOS ANOS O 10% DO INVESTIMENTO DO POS+ A CONSTRUIR SENDAS PEONÍS E CARRÍS BICI

A Deputación da Coruña, cogobernada polo PSOE e BNG, impulsa, co apoio unánime de todos os grupos, o coñecido como POS+, un plano de obras e servizos de carácter integral que supón unha asignación de investimento de 64 600 000 € para toda a provincia no ano 2021, incrementando amplamente os 47 200 000 € do ano 2020.

As citadas bases recollen como poden invertirse estas cantidades, que no caso do noso Concello ascende a un total de 913.394,42 € incluídas as partidas destinadas a servizos sociais.

A extensión dunha rede de sendas peonís seguras é un obxectivo histórico perseguido con maior ou menor acerto polos sucesivos gobernos dos últimos anos e aínda non acadado, a pesares de ser unha demanda constante por parte da cidadanía.

Conseguir que a cidadanía poida camiñar con seguridade e desplazarse autonomamente a través de medios sostibles ecoloxicamente e saudables, ten que ser un obxectivo prioritario, porque así o demanda a crecente conciencia ecolóxica da sociedade, así como a querencia polo deporte e actividade física e accesoriamente, polo lecer en familia.

A necesidade de construír sendas peonís e carrís bici é polo tanto unha demanda cidadá que o Concello debe atender, e que tamén as condicións derivadas da pandemia covid19 así o aconsellan

Por iso o BNG considera que é necesario establecer un plan que debería prolongarse nos próximos anos, consistente en destinar unha parte non inferior ao 10% do POS+ á construción de sendas e carrís bicis nos viais de titularidade municipal, comezando por aquelas zonas onde se aprecia máis necesidade.

Por todo elo sométese á consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación acorda instar ao Alcalde para que nas obras correspondentes ao POS+2021 se inclua a construción de sendas peonís e/ou carril bici por un importe non inferior ao 10% do montante global de investimentos que a Deputación asigna a este Concello para esta anualidade>>.

O sr. Alcalde sinala que hai unha pequena emenda de engadir no POS Adicional.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000001

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP), do sr. Fariña Andrade (SM) e da sra. Reimúndez Suárez (BNG).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Único.- O Pleno da Corporación acorda instar ao Alcalde para que nas obras correspondentes ao POS+2021 Adicional se inclúa a construción de sendas peonís e/ou carril bici por un importe non inferior ao 10% do montante global de investimentos que a Deputación asigna a este Concello para esta anualidade.

5ª.- Moción que presenta o grupo municipal do PSOE para a creación dun fondo extraordinario nos Orzamentos da Xunta de Galicia de 2021 destiñados á loita contra a pandemia covid-19.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) xustifica a urxencia da moción.

Auséntase a sra. Reimúndez Suárez (BNG).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), PARA A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021 DESTIÑADOS A LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa case un ano, a pandemia da COVID-19 asolou as nosas vidas e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños. Os concellos volveron a mostrar novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais dos galegos e galegas.

Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir, como foron as desinfeccións dos colexios, as desinfeccións dos centros de saúde ou a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a COVID-19, entre outras que son ben coñecidas.

O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.

Durante toda a pandemia da COVID-19, a Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo ten aprobadas varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

No mes de novembro do pasado ano, o goberno de Alberto Núñez Feijóo presentou os orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos que non só non contemplaba unha partida extraordinaria para os concellos para afrontar os gastos extraordinarios orixinados pola xestión da crise sanitaria, senón que inexplicablemente propoñían a redución dos fondos destinados aos concellos. Todo elo, a pesar de ter recibido uns fondos extraordinarios que para 2021 ascenden a 1.100 millóns de euros do Estado e da Unión Europea para combater a pandemia da COVID-19.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía, como se puido ver na xestión da loita contra a pandemia.

Ante este ataque completamente inxustificable ás entidades locais que castiga claramente á administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda aos orzamentos galegos para o 2021 na que propón a creación dun fondo



extraordinario destinado aos concellos co fin de establecer unha partida dotada de 100 millóns de euros para suplir os gastos relativos á COVID-19, que poida ser distribuído con criterios obxectivos.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Sada proñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.
2. Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, ao menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.
3. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia>>.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. García Freire (PP), da sra. Taibo Fernández (SM), da sra. Pardo Fafián (PSOE), do sr. Alcalde e do sr. Interventor.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, ao menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.

Terceiro.- Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

6ª.- Moción que presenta o grupo municipal do PSOE para o incremento das achegas da Xunta de Galicia ao servizo de axuda no fogar que presta o concello.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), DEMANDANDO UN INCREMENTO DAS ACHEGAS DA XUNTA DE GALICIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR QUE PRESTA O CONCELLO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado ás persoas e/ou familiares que presenten problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. En definitiva, unha prestación básica de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A loita contra a pandemia do Covid-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implementaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, deberes escolares ou fogares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de medidas e dispositivos de axuda a persoas sen fogar.



O impacto da pandemia foi e está sendo especialmente forte nas persoas máis vulnerables por mor da letalidade en persoas maiores ou con patoloxías previas, e os efectos devastadores do illamento en persoas con unha precaria rede de apoio. Por elo os concellos tiveron que incrementar e garantir os servizos esenciais habituais e dar resposta en paralelo as problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre. Os concellos tiveron que reaccionar fronte a nova demanda e seguir mantendo os seus servizos habituais, organizando recursos humanos e materias para non deixar a ninguén no camiño. A excepcionalidade da situación levou a unha reconfiguración das prestacións habituais para poder dar resposta ao aumento da demanda e ás novas circunstancias.

No pasado mes de abril, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo Covid-19. En concreto se informaba de que se incrementaría as horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, e unha maior aportación económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometeuse a asumir o copago dos usuarios da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade no mes de novembro a Xunta de Galicia anuncia a retirada deste servizo extraordinario aos usuarios dependentes que por mor da situación epidemiolóxica estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada. Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custe que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considérase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total dos usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así como incrementar a aportación que fai a administración autonómica.

Dado que as administracións locais non foron quen de recibir ningún fondo extraordinario para enfrontar a pandemia e que cada concello fixo fronte aos seus sobrecustos en función da súa musculatura económica e organizativa, e dado os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, e polo que instamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.O Pleno do Concello de Sada, en base as competencias en servizos sociais que corresponden a administración autonómica, insta a Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copago dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica.*
- 2. Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.*
- 3. Dar traslado do acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia>>.*

Debátase o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Salorio Porral (PP), do sr. Alcalde e da sra. Pardo Fafián (PSOE).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Sada, en base as competencias en servizos sociais que corresponden a administración autonómica, insta a Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copagamento dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica.

Segundo.- Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

7ª.- Moción que presenta o grupo municipal do PSOE sobre un Plan de Rescate para os sectores da hostalaría e o turismo.

O sr. Alcalde comenta que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PSOE fóra de prazo e que se queren presentala como rogo, e cédelle á palabra ao sr. Secretario Accidental.



O Secretario Accidental dá lectura ao artigo 64.1 do ROM, no que se sinala como prazo límite de presentación das mocións ás catorce horas do día anterior ao de celebración, polo que se trata dunha moción extemporánea.

C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai un rogo e reitera as preguntas de sesións plenarias anteriores:

1º) Roga que se inste á Xunta de Galicia para que aprobe un plan de rescate convidado para os sectores da hostalería e do turismo, concretando as porcentaxes de participación das distintas Administracións.

1ª) Se o Concello de Sada vai pedir responsabilidade ao equipo redactor do proxecto de reforma do centro de formación ocupacional.

O sr. Alcalde respóndelle que teñen preparadas outras respostas, pero esa xusto non.

2ª) Se en relación ao proxecto dos xardíns do paseo marítimo, cun custe de 225.000 euros, se vai rectificar a obra.

O sr. Fariña Andrade resposta que lle remitiu a un funcionario esa resposta por correo electrónico o pasado martes, ás doce horas da mañá, e engade que nos tramos onde se producen, basicamente detrás da Terraza, no proxecto non estaba previsto intervir.

3ª) Se a situación das terrazas da Avenida do Porto, en relación coa tramitación da exención de taxas, vai ser igual que na rúa Praia.

O sr. Alcalde respóndelle que tiveron a última conversa con Portos de Galicia o martes 26, polo tema do Plan Especial, estando pendente de informe, e espera que antes do día 17 convocar aos posibles interesados nas terrazas da rúa Praia.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde, en relación coa prohibición de Portos de Galicia de pesca deportiva, e se houbo un compromiso do sr. Alcalde de falar con Portos.

O sr. Alcalde respóndelle que, no caso de Sada, verían de delimitar un sitio concreto, se ben se está a falar coas asociacións de pesca deportiva de Galicia.

2ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa, en relación ao transporte escolar no IES Isaac Díaz Pardo, que coa nova ruta, dado que é un transporte mixto, agora van todo o alumnado xunto, indo un terzo do autobús baleiro, se é posible poñer medidas neste asunto dende a Concellería de Educación.

A sra. Nogareda Marzoa descoñecía esta problemática, se ben sabía que tiñan os sitios asignados, aínda que se trata dun transporte escolar, polo que o que pode facer é falar co centro, comentar a situación desta reclamación que, polo que ve, afecta a varias familias.

3ª) Pregunta, en relación coas novas restricións que afectan ao tecido empresarial, ao comercio non esencial, e lembra que, tal e como dixera xa o ano pasado o sr. Alcalde, se o Concello de Sada contempla suspender o cobramento das taxas de auga e de lixo, para todos os negocios.

O sr. Alcalde lembra que, co estado de alarma, non se suspendeu o recibo de VIAQUA, dado que xa estaba emitido o recibo do primeiro trimestre antes do 13 de marzo. Engade que sacaron dúas liñas de axudas, a primeira xa abonada, e a segunda poden acollerse con eses recibos, para xustificar a axuda, e o lixo non depende só do concello.

A sra. Pardo Fafián solicita que non se cobren as taxas, e pregunta se a contía establecida na liña de axudas non chega que han facer.

A sra. Rodríguez Pena di que se non chega farase unha modificación orzamentaria.



O sr. Alcalde lémbrale que se trata dun acordo adoptado na xunta de voceiros, para empregar o remanente da primeira liña de axudas para a segunda liña.

O sr. Ramiro Blanco (PSOE) formula un rogo e unha pregunta:

1º) Roga que, ademais da falta de accesibilidade ao centro de saúde, se faga unha queixa na Xerencia de Xestión Integrada da Coruña para que se preste a atención presencial e non se faga a consulta telefónica, dado que todos están vacinados.

1ª) Pregunta en que punto se atopa o cribado masivo para Sada.

O sr. Alcalde dille que foi na xunta de portavoces e que ese mesmo día se remitiu a comunicación e que non obtiveron resposta, que coida que van por orde de incidencia e despois de Betanzos irá Cambre e logo Sada.

A sra. Salorio Porral sulíña que as dúas ocasións nas que o seu grupo propuxo deixar sobre a Mesa un asunto non se votou, para que quede constancia no acta.

A continuación realiza as preguntas seguintes en relación cuns veciños do porto:

1ª) Pregunta en relación co asfaltado na Avenida do Porto, porque ao día seguinte xa había fochancas entre *La Solana* e *La cueva del pirata*, quedando a distinto nivel a marxe esquerda e a dereita, e se vai quedar así.

O sr. Fariña Andrade respóndelle que o arranxaron no día de hoxe dende o Lúcar ata as pistas polideportivas.

2ª) Pregunta en relación co mantemento das beirarrúas, que é practicamente nulo, se non pagan os mesmos impostos, para que se comuniquen con Portos de Galicia, como ocorreu coa colocación dos *bolardos*.

O sr. Fariña Andrade di que esas baldosas son antigas, xa non existen, porque na entrada dos garaxes é mellor instalar formigón, e por iso se colocaron *bolardos*, para que non se aparque enriba da beirarrúa.

3ª) Pregunta se a empresa R é a única que se pode contratar, polo canon que lle paga a Portos, dado que non hai opción con outras compañías.

O sr. Alcalde dille que Portos cobra un canon.

A sra. Salorio Porral acláralle que só R subministra fibra polo Porto.

A sra. Mouriño Neira engade que a semana pasada houbo unha consulta dun veciño do porto, polo que se dirixiron a Portos de Galicia.

A sra. Salorio Porral dille que cando teñan a resposta lla fagan chegar.

4ª) Pregunta en relación aos espazos públicos (fonte, xardineiras) para o mantemento e limpeza por que só pasan unha vez ao ano.

O sr. Fariña Andrade di que todas as mañás, cando se dirixe á Axudantía, ve aos operarios de Ferrovial cambiarse.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 25 minutos do día xoves 28 de xaneiro do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.